

RESOLUCIÓN

Unha vez que se examinou o expediente que se tramitou para a contratación da execución do servizo denominado "XII MAÑAS DE CAMPAMENTOS: CAMPAMENTOS QUE CONCILIAN 2011", a adxudicar mediante procedemento negociado.

ANTECEDENTES

1. O 31 de maio de 2011, mediante a resolución nº 742, a concelleira delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade en funcións, aprobou o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade do servizo de referencia.
2. Para tal efecto enviáronse invitacións ás empresas BOGAR ASISTENCIA S.L., CONCHA PAZOS Y OTROS, S.L. FIDER FISIOMAS, S.L., e ATLAS AVENTURA, CULTURA Y OCIO, S.L. . E no perfil de contratante do Concello publicouse a licitación.
3. Unha vez que se analizou a documentación administrativa presentada polos candidatos , segundo informe do Xefe de servizo de economía e facenda de data 15 de xuño de 2011, queda acreditada a capacidade para contratar das seguintes empresas: BOGAR ASISTENCIA,S.L.; HEBE SPORT, S.L.; e XESTION CULTURAL AUREA, S.L. CONCHA PAZOS Y OTROS, S.C, non aportou a documentación requerida dentro do prazo a tal fin concedido.
4. Unha vez que se viu o informe que emite o técnico municipal e as ofertas económicas que se presentaron, clasificáronse as ofertas admitidas á licitación.
5. O 20 de xuño de 2011 de conformidade co disposto polo apartado segundo do artigo 135 da Lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP) requiríuse ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que presentara a documentación esixida.
6. No prazo que se estableceu, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e declaración xustificativa de estar exento do pagamento do Imposto sobre Actividades Económicas, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.
- 7.- A Secretaría Xeral do Concello en data 4 de xullo de 2011 emite nota informativa de Secretaría 52/2011 na que, en atención ás consideracións que na mesma se expoñen informa desfavorablemente a adxudicación do contrato do servizo "XII Campañas mañás de campamentos: Campamentos que concilian":

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 LCSP establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.
2. O artigo 135 LCSP establece no seu apartado terceiro que a adxudicación deberá elevarse a definitiva dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O apartado cuarto establece que a adxudicación deberá ser motivada.

Vistos os antecedentes obrantes no expediente, e en uso das atribucións conferidas pola normativa vixente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Excluir da negociación a CONCHA PAZOS E OUTROS ,S.L. por non aportar no prazo concedido a documentación requerida.

SEGUNDO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar o servizo "XII CAMPAÑAS MAÑAS DE CAMPAMENTOS: CAMPAMENTOS QUE CONCILIAN 2011" á entidade mercantil BOGAR ASISTENCIA, SL., , CIF B-70198056, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación que se estableceron(77,5 puntos), fixando o prezo en 50.236,74 €, IVE engadido. Este prezo verase diminuído en función do

número de horas de duración dos campamentos e do número de campamentos celebrados.

TERCEIRO.- Comunicar que, respecto ao resto dos candidatos , as súas ofertas non foron consideradas polas seguintes razóns, en forma resumida:

CANDIDATO	CRITERIOS SUBJECTIVOS	PREZO	TOTAL
AUREA XESTION CULTURAL, S.L.	<ol style="list-style-type: none">1. Adaptación aos obxectivos propostos: 10 puntos.2. Contidos-Cronograma: 5 puntos.3. Metodoloxía e creatividade das actividades propostas: 11 puntos.4. Adecuación do proxecto ás necesidades municipais: 2 puntos.5. Criterios de calidade: 8 puntos.6. Proposta de modelos seguimento: 2 puntos.7. Saldas con/sen transporte: 8 puntos.8. Capacitación do persoal específico obxecto do contrato: 8 puntos.9. Capacidade da empresa para aportar monitores especializados: 0 puntos.	1	53
HEBE SPORT, S.L.	<ol style="list-style-type: none">1. Adaptación aos obxectivos propostos: 10 puntos.2. Contidos-Cronograma: 5 puntos.3. Metodoloxía e creatividade das actividades propostas: 9 puntos.4. Adecuación do proxecto ás necesidades municipais: 3 puntos.5. Criterios de calidade: 6 puntos.6. Proposta de modelos seguimento: 2,5 puntos.7. Saldas con/sen transporte: 6 puntos.8. Capacitación do persoal específico obxecto do contrato: 7 puntos.9. Capacidade da empresa para aportar monitores especializados: 0 puntos.	1	49,5

CUARTO.- Requerir ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a sinatura do contrato.

QUINTO.- De conformidade co disposto polo artigo 135.4 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación no perfil de contratante do órgano de Contratación.

SEXTO.- Nomear responsable técnico dos traballos a Dona Carmen Veira Baldomir, Pedagoga do Concello, á que

corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta execución da prestación que se pactou.

SÉTIMO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 05 de xullo de 2011
O ALCALDE

Intervido e conforme,
A interventora xeral

Julio Sacristán de Diego

Ana Mª Prieto Martínez
Dou fe,
A secretaria xeral

Pilar Mª Pastor Novo